

**PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 4**

**SESION EXTRAORDINARIA DE 21 DE FEBREIRO DE 2005**

**ASISTENTES**

Excma. Sra. Alcaldesa	Guerra Fernández, Javier Jorge
Alonso Vázquez, Xulio	Iglesias Carrera, José Manuel
Arias Moreira, José Carlos	Martíns Vilanova, Margarida Rosa
Barros Puente, Miguel	Méndez Piñeiro, María Xosé
Bermúdez Pérez, Silvia	Molares Pérez, Lucía Emilia
Calviño Rodríguez, Julio	Pérez Mariño, Ventura
Coello Bufill, Antonio	Polo Lima, María Soledad
Comesaña Abalde, Carlos	Porteiro García, María Josefa
Couto Pérez, José Manuel	Ruiz Cenicerros, Mauricio
Domínguez Olveira, Santiago Xosé	Sío Lourido, Belén
Fernández Fernández, Amador	Soto Ferreiro, Manoel
Figuroa Vila, José Manuel	Toba Girón, Xabier
Graña Barcia, María Luisa	Vieitez Alonso, Henrique

**NON ASISTE:**

López-Chaves Castro, Ignacio Javier

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, as nove horas e dez minutos do día vinteún de febreiro do ano dous mil cinco, coa Presidencia da Excma. Sra. Alcaldesa, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Corina Porro Martínez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Arias Moreira, Barros Puente, Bermúdez Pérez, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Domínguez Olveira, Fernández Fernández, Figuroa Vila, Graña Barcia, Guerra Fernández, Iglesias Carrera, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Pérez Mariño, Polo Lima, Porteiro García, Ruiz Cenicerros, Sío Lourido, Soto Ferreiro, Toba Girón e Vieitez Alonso, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión EXTRAORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a tódolos Sres. concelleiros coa antelación legalmente requirida. Non asiste o Sr. López-Chaves Castro. Está tamén presente a Interventora Xeral, dona Berta Guarner González.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a trata-los asuntos da orde do día.

1.- (27).- TOMA DE POSESIÓN DO CARGO DE CONCELLEIRO DE D. HENRIQUE VIEITEZ ALONSO.

ANTECEDENTES.- Con data 7 de febreiro de 2005, o Presidente da Xunta Electoral Central, expide credencial expresiva de que se designou concelleiro do Concello de Vigo a D. Henrique Vieitez Alonso, por estar incluído na lista de candidatos presentada polo Partido do Bloque Nacionalista Galego ás eleccións locais do 25 de maio de 2003, en substitución por renuncia anticipada de quen lles preceden na lista.

*Ante o Alcalde-presidente e en presenza do Pleno da Corporación, o Sr. Vieitez Alonso procede na forma ritual a xurar o seu cargo coa seguinte fórmula:*

SR. VIEITEZ ALONSO: Prometo pola miña conciencia e honra cumprir as obrigas do cargo de concelleiro con lealdade al Rei, a Vigo e a Galicia, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

2.- (28). TOMA DE POSESIÓN DO CARGO DE CONCELLEIRA DE D<sup>a</sup> SILVIA BERMÚDEZ PÉREZ.

ANTECEDENTES.- Con data 7 de febreiro de 2005, o Presidente da Xunta Electoral Central, expide credencial expresiva de que se designou concelleira do Concello de Vigo a D<sup>a</sup>Silvia Bermúdez Pérez, por estar incluída na lista de candidatos presentada polo Partido do Bloque Nacionalista Galego ás eleccións locais do 25 de maio de 2003, en substitución por renuncia anticipada de quen lles preceden na lista.

*Ante a Presidencia e en presenza do Pleno da Corporación, a Sra. Bermúdez Pérez procede na forma ritual a xurar o seu cargo coa seguinte fórmula:*

SRA. BERMÚDEZ PEREZ: Prometo pola miña conciencia e honra cumprir as obrigas do cargo de concelleira con lealdade al Rei, a Vigo e a Galicia, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

3.- (29).- NOMEAMENTO DOS MEMBROS DA COMISIÓN ESPECIAL DE SUXERENCIAS E RECLAMACIÓNS EN REPRESENTACIÓN DOS DIFERENTES GRUPOS MUNICIPAIS.

ANTECEDENTES.- O artigo 3.1 do Regulamento Orgánico da Comisión Especial de Suxerencias e Reclamacións e do Valedor do Cidadán establece que a Comisión estará integrada por un concelleiro de cada grupo político municipal con voto ponderado. Igualmente o artigo 3.1 do citado regulamento indica que o nomeamento deberá efectuarse polo Pleno da Corporación a proposta dos voceiros dos respectivos grupos.

Recibidas comunicacións dos voceiros dos grupos municipais designando ós concelleiros que formarán parte da devandita Comisión, sométese ó Pleno da Corporación para a súa aprobación.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Nomear para formar parte da Comisión Especial de Suxerencias e Reclamacións, ós distintos membros da Corporación:

POLO GRUPO DO PARTIDO POPULAR:

Titular: Ignacio López-Chaves Castro

Suplente: M<sup>a</sup> Soledad Polo Lima

POLO GRUPO DO PSdeG-PSOE:

Titular: M<sup>a</sup> Luisa Graña Barcia

Suplente: Xulio Calviño Rodríguez

POLO GRUPO DO BNG:

Titular: D<sup>a</sup> Margarida Martíns Vilanova

Suplente: D. Amador Fernández Fernández

POLO GRUPO DO PG:

Titular: D. Manoel Soto Ferreiro

Suplente: D. Xulio Alonso Vázquez

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás nove horas e trece minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fé do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e maila do Excma. Sra. Alcaldesa-Presidenta, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv.

A ALCALDESA,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

M<sup>a</sup> Corina Porro Martínez

José Riesgo Boluda.